

Rueda dá luz verde a un dos seus anuncios electorais: primeiras matrículas universitarias gratis

Besteiro pídelle a ampliación aos cursos de máster da gratuidade da primeira matrícula.

[Por Europa Press / Redacción | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 22/04/2024 | Actualizada ás 16:14](#)

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, informou de que **se deu luz verde ao procedemento que permitirá a gratuidade das primeiras matrículas universitarias** a partir do próximo curso, 2024-2025. Esta foi unha das primeiras promesas electorais anunciadas por Rueda durante a campaña para as autonómicas.

Así o referenciou na rolda de prensa posterior á celebración do Consello da Xunta, o primeiro que tivo lugar en luns desde o Goberno de Albor. **Para informar do mesmo estivo acompañado do conselleiro de Educación, Román Rodríguez**, que se encargou de achegar os detalles do proceso.

Así, detallou que **a gratuidade non só afectará os graos universitarios, senón tamén aos ensinos artísticos superiores**, "equivalentes e equiparables aos estudos universitarios". Concretamente, os conservatorios, a escola de restauración de Pontevedra, a ESAD de Vigo e as escolas de artes e oficios.

Para o primeiro curso, todos os alumnos que fixesen a ABAU e tamén os que entren a través dun grao superior de Formación Profesional beneficiaranse da medida. A partir de aí, entrarán en xogo os resultados académicos. Deberán ter aprobado entre un 65% e un 90% dependendo da rama académica que cursen. **O aforro medio estimado para as familias é de entre 700 e 800 euros por ano, uns 3.000 euros** durante toda a carreira. Para os ensinos artísticos, uns 300 euros por curso e 1.500 ao finalizar os estudos. Contan beneficiar a ao redor de 1.500 estudiantes.

O PSDEG PIDE "MÁIS AMBICIÓN" PARA AMPLIAR A MATRÍCULA GRATUITA AOS MÁSTERES

Por outra banda, o portavoz do Grupo Socialista no Parlamento galego, José Ramón Gómez Besteiro, **esixiu ao presidente da Xunta, Alfonso Rueda, "máis ambición" no apoio ao ensino universitario pública** coa ampliación aos cursos de máster da gratuidade da primeira matrícula.

Reclamouno este luns nunha rolda de prensa celebrada na Cámara galega, na que instou ao



Grupo de estudiantes universitarios | [Fonte: EP](#)

presidente autonómico a **fortalecer o financiamento do Sistema Universitario de Galicia**.

Todo iso, coincidindo coa aprobación esta mesma xornada no Consello da Xunta do procedemento que permitirá a gratuidade das primeiras matrículas universitarias a partir do próximo curso, 2024-2025.

Na súa intervención, apuntou que **o pleno que arrincará este martes incluirá unha proposta socialista para reforzar o apoio aos estudiantes universitarios**. Así, lembrou que a súa formación leva propondo a primeira matrícula universitaria gratis desde o 2018, e que sempre se atopou co voto en contra do PP, mesmo no debate dos orzamentos da Xunta que están en vigor.

Dito isto, Besteiro apuntou que, **despois dun "rexeitamento frontal", agora a Xunta anuncia esta mesma medida que analizará "en que termos" será impulsada**. Tras iso, chamou a "ser más ambiciosos" e ampliar as axudas á primeira matrícula de máster ao considerar que "permitiría salvar un problema importante" para "miles de galegos e galegas que non poden completar os seus estudos".

Por último, reclamou o fortalecemento do financiamento das universidades incrementando os recursos co horizonte de alcanzar o 1% do PIB para "aproveitar e refinanciar mellor e más adequadamente o SUG".